

A Guía para a elaboración de plans locais no eido da inmigración: unha ferramenta cará á mellora das políticas municipais.

¿Por que a guía?

En febreiro pasado o Consello da Xunta aprobou o Plan galego de cidadanía, convivencia e integración 2008-2011, despois de ser informado favorablemente polo Consello Galego de Inmigración.

Neste plan trázanse os obxectivos e liñas de actuación cara á integración social das persoas inmigrantes para un horizonte de catro anos. E, na primeira das 308 accións diferentes que prevé, contéplase o “impulso e apoio por parte da Secretaría Xeral de Emigración á elaboración de plans locais de inmigración e de mecanismos de participación de ámbito local ou supra local”.

No plan dáse un especial protagonismo ás entidades locais e supra locais por ser quen coñecen mellor as súas necesidades e demandas, en tanto son a administración máis preto ao cidadá e quen traballan directamente con el.

Xuntamente con isto, os servizos de atención primaria dos concellos son a porta de entrada ao sistema de servizos sociais e dende onde derívase aos servizos sociais de atención especializada e a moitos dos diferentes servizos do dispositivo de protección social (sanitario, de vivenda, de ensino, laboral...) a todos os cidadás.

Na medida que os concellos son a primeira instancia á que acoden os cidadás en busca de información, orientación e apoio para a cobertura das súas necesidades, resulta clave dotarlles de ferramentas que lles axuden a planificar as súas actuacións.

A existencia dun Plan estratéxico de cidadanía e integración 2007-2011 do Goberno central, serviu para sistematizar as actuacións da Administración Xeral do Estado en colaboración coas comunidades autónomas, a Administración local e a sociedade civil; así como para fixar os grandes obxectivos a acadar no período. E no eido autonómico está a cumprir este cometido o Plan galego de cidadanía, convivencia e integración 2008-2011.

Respetando a autonomía municipal dos concellos, trátase agora de promover a elaboración de plans locais no eido da inmigración, pois sen o deseño e planificación previa das actuacións a desenvolver e obxectivos a alcanzar que recolle todo plan, resulta moi difícil o desenvolvemento de políticas que poidan ser eficaces a longo prazo.

Para promover estes plans, a Secretaría Xeral de Emigración, nas convocatorias de subvencións dirixidas aos concellos, mancomunidades e consorcios locais para a realización de proxectos de acollida e de integración, está a ter en conta -e prima- o feito de contar cun plan local de integración.

Pero para apoiar este tipo de plans, ademais, era preciso facilitar unha ferramenta que servira de axuda para o seu deseño.

¿Como se fixo?

A guía elaborouse tendo en conta as observacións dos concellos e das entidades supra locais, cousa lóxica tendo en conta que son os seus destinatarios.

Coa finalidade de que poideran realizar as propostas que estimaran convenientes, a finais de marzo a Secretaría Xeral de Emigración convocou aos preto de 100 concellos aos que está a apoiar economicamente para o desenvolvemento de proxectos de acollida e de integración do colectivo inmigrante a unha reunión de traballo, co obxecto de presentarlles o borrador da estrutura da guía, escoitar as súas propostas de mellora e posteriormente continuar os traballos por vía telemática.

Aos concellos que non poideran asistir e manifestasen interese en participar no proceso tamén deuselles a posibilidade de achegar as súas recomendacións por vía telemática, logo de envío dos sucesivos borradores da guía, solicitando 10 destes participar segundo esta modalidade.

Á sesión de traballo para presentar a estrutura da guía e debater os seus contidos, tivo lugar na Escola Galega da Administración Pública coa participación de representantes de 30 concellos.

A petición dos participantes, acordouse engadir algún capítulo máis dos previstos inicialmente na guía; e completala con anexos que poideran axudar á elaboración dos plans locais de integración dun xeito práctico. Ao meu xuízo, esta última proposta resultou moi útil cara á mellora do deseño inicial da guía.

Estrutura

Os temas que, fundamentalmente, aborda a guía son os seguintes:

- os plans de inmigración como ferramentas de mellora para a xestión pública (claves para a eficiencia do plan)
- a formulación da diagnose (diagnose cuantitativa e cualitativa, e análise estatística)
- mapa de recursos (metodoloxía para a obtención da información e sistematización dista)
- áreas de actuación (temáticas e transversais)
- obxectivos
- medidas
- sistemas de avaliación e indicadores
- mecanismos de participación

No CD que acompaña a guía, hai un anexo con 10 modelos que poden server de axuda na elaboración de plans locais no eido da inmigración. Ditos modelos son meros exemplos que non substitúen ao traballo de preparación dos diferentes aspectos do plan que deba levarse a cabo.

Aspectos cualitativos do plan local que destaca a guía

O plan como proceso participativo

Ao longo da guía insístese en que a elaboración dun plan local de integración é algo distinto da realización dun estudo, programa ou documento de planificación.

Deseñar un programa implica coñecer a realidade sobre a que se quere incidir: destinatarios ao que vai dirixido, situación de partida, necesidades que se queren atender, modalidade/s elixida para facelo...

Elaborar un plan local de integración, en cambio, é moito máis. Por suposto que implica facer unha boa diagnose da situación de partida, marcar obxectivos e medidas, e establecer indicadores. Pero, sobre todo, o plan -máis que un documento ou guieiro de actuación para tres, catro ou cinco anos- é un proceso participativo.

Un proceso no que os diferentes axentes públicos e sociais implicados no eido da inmigración intercambian e poñen en común os seus coñecementos e a súa experiencia e visión sobre “en que situación nos atopamos”, “cales son as principais carencias existentes” e “onde” e “cómo” queremos chegar e “en que prazos”.

Sen a participación activa de todos os axentes, o plan nace ferido de morte desde o inicio.

¿Que utilidade pode ter un plan no que non participasen as asociacións de inmigrantes, ou as entidades que traballan con persoas inmigrantes no eido de muller, menores ou integración laboral, ou representantes dos centros de ensino?

Ademais hai que ter en conta que, como consecuencia da posta en común dos coñecementos e experiencias de cada actor sobre calquera problemática, xurde un coñecemento novo e máis rico sobre a realidade social.

Coherencia do plan

As partes do plan non poden ser inconexas. Para que o plan sexa coherente os obxectivos e medidas deben responder aos problemas detectados na fase de diagnose.

Por isto é tan importante que a participación de todos os axentes -á que antes se aludía- teña lugar en todas e cada unha das fases do plan: non só no establecemento de obxectivos, senón tamén na fase de diagnose.

Mecanismos de participación

Hai plans nos que se pon o acento máis nuns programas e unhas áreas de actuación que noutras. Outros difieren polo grao de concreción das súas medidas ou polo tipo de indicadores e o sistema de avaliación que utilizan.

Pero con independencia das diferenzas que poidan existir, a previsión de mecanismos que dean lugar a unha participación efectiva das persoas inmigrantes nas políticas que lles afectan resulta básica para o éxito destas.

Anexos

Dos 10 modelos que se achegan no CD como anexo á guía, gustaríame referirme a tres.

A actualización continua da ficha de datos dos participantes no proceso de elaboración do plan local e da ficha de base de datos, é de gran utilidade para achegar documentación e convocar aos axentes.

Os modelos de cuestionarios para a realización de posibles enquisas ás persoas inmigrantes ou á poboación galega que se facilitan, son os que está a utilizar a Secretaría Xeral de Análise e Proxección cara o estudo da situación da poboación inmigrante en Galicia e as actitudes da sociedade galega ante a inmigración. A vantaxe de utilizar os ditos cuestionarios en enquisas de ámbito local radica en que permiten a comparativa cos estudos anuais que se están a desenvolver sobre ditas materias.

O modelo de regulamento dun consello municipal de inmigración é un exemplo de como podería funcionar este órgano.

Xornada Plan locais de inmigración: cidadanía e progreso

A celebración da xornada Plan locais de inmigración: cidadanía e progreso é un bo complemento á primeira medida do Plan galego de cidadanía, convivencia e integración, que prevé o “impulso e apoio por parte da Secretaria Xeral de Emigración á elaboración de plans locais de inmigración e de mecanismos de participación de ámbito local ou supra local”. Tanto porque serverá para analizar e debater as políticas de inmigración no eido local que se están a desenvolver en Galicia e en España, como aspectos concretos relativos á elaboración, xestión e seguimento de plans locais na materia.

Joan Ribot Margarit
Xefe de Servizo de Planificación e Formación
Secretaría Xeral de Emigración